

PROGRAMA DE AXUDAS DE APOIO Á ETAPA DE FORMACIÓN POSDOUTORAL NAS UNIVERSIDADES DO SUG, NOS ORGANISMOS PÚBLICOS DE INVESTIGACIÓN DE GALICIA E NOOUTRAS ENTIDADES DO SISTEMA DE I+D+i GALEGO

Preguntas frecuentes (FAQs) acerca da axuda baixo o programa Fulbright

1. Que é unha "bolsa Fulbright" e que vantaxes ofrece nesta convocatoria?

O programa Fulbright é un programa de intercambio educativo do goberno dos Estados Unidos. As persoas que soliciten unha estadía de investigación nos EUA de entre 20 e 24 meses e resulten seleccionadas para esta axuda posdoutoral poden optar á condición de bolseiras Fulbright. Isto dálles acceso a:

- Documentación e asesoramento para realizar a solicitude de visados.
- Apoio e asesoría durante a súa estadía nos EUA
- Participación en seminarios e actividades do programa Fulbright.
- Seguro médico con cobertura de enfermidade e accidentes.
- Formar parte da rede de antigos alumnos Fulbright.
- Un complemento económico de 500 euros brutos mensuais durante a súa estadía nos EUA.
- Acceso ás redes de asociacións de exbolseiros Fulbright.

2. En que tipo de seminarios e actividades poderei participar durante a miña estadía como bolseiro Fulbright?

Os bolseiros Fulbright teñen a condición de *Visiting Scholars*, e polo tanto teñen acceso a programas de enriquecemento, presenciais e virtuais, que inclúen seminarios temáticos e actividades de corte cultural ou académico en cidades específicas dos EUA. O acceso a estas actividades supón unha gran oportunidade para coñecer a persoas investigadoras nun ambiente transdisciplinar e multicultural. Para máis información sobre estes eventos, poden consultar a web de *Fulbright Enrichment Programs*: <https://fulbrightscholars.org/institutions/enrichment-activities>

3. Como se xestionan os visados para os meus familiares se son bolseiro Fulbright?

A Comisión Fulbright proporcionará a documentación necesaria e axudará coa xestión dos visados J2 para cónxuxes e fillos menores de 21 anos que lle acompañen aos EUA durante un mínimo do 80% da estadía. Se os familiares non lle acompañaran durante o 80% da estadía, poderán solicitar un *ESTA*, que permite a persoas con pasaporte español permanecer nos EUA ata 90 días de permiso de estadía. Para máis información sobre *ESTA*, poden consultar a seguinte ligazón: <https://esta.cbp.dhs.gov/>

4. A miña parella pode acompañarme cun visado J-2 se non estamos casados legalmente?

Non, para solicitar un visado J-2 para a súa parella é necesario que estean casados legalmente. As parellas de feito non cumpren cos requisitos para este tipo de visado.

5. Debo realizar algunha xestión para que os meus familiares viaxen cun visado J-2?

Durante o período de documentación pre-saída, a Comisión Fulbright indicará que documentos son necesarios para xestionar a documentación necesaria para os familiares que sexan elixibles para solicitar visados J-2. O seguro *ASPE* esténdese exclusivamente ás persoas beneficiarias da axuda, polo que o seguro médico para familiares debe xestionarse independentemente. Para cumprir cos requisitos do visado J-2, os familiares terán que viaxar aos EUA cun seguro que cubra todo o período da súa estadía no país. A cobertura médica debe ser polo menos igual á que brinda o seguro *ASPE*.

6. Que cobertura médica ofrece ASPE?

- Prestacións médicas por accidente ou enfermidade (por un mínimo de 100.000 USD).
- Gastos de repatriación de restos ao país de orixe (por un mínimo de 25.000 USD).
- Gastos derivados de evacuación médica ao país de orixe (por un mínimo de 50.000 USD).
- Ademais, a franquía por tratamento do accidente ou enfermidade non pode exceder os 500 USD.

7. Que requisitos debo cumprir para optar á condición de bolseiro Fulbright?

Ademais dos requisitos xerais da axuda posdoutoral, debe:

- Demostrar un nivel de inglés suficiente durante a entrevista para desenvolver o proxecto de investigación.
- Non ter realizado estadías posdoutorais nos EUA cun visado J-1 nos 24 meses previos á incorporación.
- Non ser residente, cidadán ou ter dereito á cidadanía dos EUA.

8. Como parte do proceso de selección, se resulta preseleccionado/a, realizarase unha entrevista online coa Comisión Fulbright: en que consiste?

Trátase dunha breve entrevista virtual duns 15-20 minutos co obxectivo de revisar aspectos clave relacionados coa súa solicitude para realizar a estadía nos EUA.

Durante esta conversa, sen permitirse presentacións nin outros materiais visuais, búscase coñecer de primeira man a xustificación do proxecto proposto e confirmar datos para asegurarnos de que non existen incompatibilidades co Programa Fulbright.

Cabe destacar que esta entrevista non incluírá unha avaliación científico-técnica do proxecto, xa que esa fase foi completada na primeira etapa do proceso de selección do programa de formación posdoutoral da Xunta de Galicia. Ademais, incluírá algunhas preguntas en inglés para comprobar o nivel de inglés do candidato/a.

9. A carta de aceptación da institución estadounidense, en que termos debe estar redactada e por quen debe ser asinada?

A carta de aceptación debe estar redactada en inglés, en membrete institucional, e debe incluír:

- Nome e afiliación da persoa investigadora seleccionada.
- Nome e posto da persoa investigadora anfitrión.

- Datas exactas da estadía.
- Descrición das actividades.
- Compoñente presencial.
- Medios que facilitará a institución e taxas de afiliación (se as houbera).

Por último, esta carta deberá ser asinada pola persoa investigadora anfitriñoa ou pola persoa competente para a sinatura institucional.

10. Pódese indicar na solicitude a realización da estadía en dúas entidades estadounidenses diferentes no caso de que, por exemplo, o supervisor teña dobre afiliación en ambos centros?

Si, o proxecto de investigación pode desenvolverse en dous centros. Neste caso, a carta de aceptación debe proceder de ambas institucións, especificando as datas exactas da estadía en cada unha.

11. Onde podo consultar a lexislación aplicable á obtención de visados para familiares acompañantes para estadías superiores aos 90 días?

Está dispoñible na seguinte ligazón:

<https://www.ecfr.gov/current/title-22/chapter-I/subchapter-G/part-62>

12. As autoridades dos EUA poden solicitar que a persoa receptora desta axuda demostre que conta cos fondos suficientes para cumprir co seu propósito de viaxe e cubrir os gastos da súa estadía. Como podo acreditar dispoñer de fondos persoais complementarios á asignación mensual da bolsa para financiar a miña manutención ou a manutención dos meus familiares en destino, se fose necesario?

Mediante algún dos seguintes escritos en inglés:

- a) Acreditación da nómina expedida polo organismo empregador, indicando a cantidade que se continuará recibindo mensualmente durante a estadía de mobilidade.
- b) Certificado bancario que reflicta que se dispón na súa conta bancaria persoal duns aforros suficientes para cubrir o mínimo de ingresos esixido.

A Comisión Fulbright solicitará esta acreditación de fondos persoais baseándose nas cantidades indicadas na táboa anexa de fondos mínimos requiridos, axustadas ás circunstancias específicas de cada caso (segundo destino, duración da estadía e número de familiares dependentes). As cantidades de fondos necesarios para familiares acompañantes que soliciten visado J-2 calcúlanse en base aos fondos mínimos requiridos da persoa beneficiaria, sendo do 50% os fondos para un primeiro familiar e do 25% para familiares adicionais. Proporcionarase información ás persoas seleccionadas para comezar o proceso de documentación.

13. Pódese viaxar fóra dos EUA?

Si. Será necesario pedir unha autorización ao seu *advisor* do IIE, a entidade colaboradora do Programa Fulbright, aínda que polo xeral non se recomenda viaxar durante o primeiro mes.

14. Cantos días se poderá permanecer fóra dos EUA?

O Programa Fulbright permite un total de 30 días de permanencia fóra dos EUA por cada 12 meses de estadía, sempre e cando a duración da súa estadía sexa dun mínimo de 24 meses. Estes días inclúen vacacións, asuntos persoais ou profesionais e non son acumulables do primeiro ano ao segundo. Nos casos nos que a estadía sexa de menos de 24 meses, pódese gozar de 21 días por cada 12 meses de estadía.

15. Podo chegar aos EUA antes do comezo da miña estadía?

Si, sempre que se obteña o visado coa suficiente antelación, poderá beneficiarse do período de grazas que o Programa Fulbright ofrece aos seus beneficiarios. Este período permite ingresar aos EUA ata 30 días antes da data oficial de inicio da estadía e/ou permanecer no país ata 30 días despois da súa finalización. Durante este tempo, poderá instalarte no seu destino ou viaxar polo país. Con todo, é importante ter en conta que este período non está deseñado para realizar actividades de investigación, senón para facilitar a súa adaptación e brindarte a oportunidade de coñecer mellor o país.

16. Debo realizar algunha xestión para solicitar este permiso?

Mentres conte co visado expedido con tempo suficiente, non é necesario realizar unha solicitude para beneficiarse deste permiso. Debe ter en conta que o seguro ASPE que estende o Programa Fulbright ás súas persoas beneficiarias non contempla a cobertura fóra das datas oficiais da estadía, polo que terá que contratar unha póliza coa mesma cobertura que ofrece ASPE. A Comisión Fulbright informará sobre este requisito durante o período de xestión para realizar a estadía.

17. Poden os familiares dependentes cun J-2 beneficiarse deste tempo adicional?

Si, pero deberán estar cubertos por unha póliza médica que cumpra cos requisitos do visado, cuxa contratación corre por conta da persoa interesada.

18. Viexo cos meus fillos como acompañantes e gustárame ter máis información sobre escolarización e residencia nos EUA

Unha vez seleccionado/a para a bolsa, a Comisión acompañaralle coas xestións previas á saída e suxeriralle que solicite este tipo de recomendacións sobre vivenda e colexios de maneira local, co seu centro de adscrición nos EUA e coas asociacións de exbecarios Fulbright organizadas por estados nos EUA.

19. Necesito axuda coa busca de aloxamento. Ofrece a Comisión asistencia neste sentido?

A Comisión non se encarga directamente de xestionar a busca de aloxamento, xa que as opcións poden variar considerablemente segundo o estado, a cidade de destino ou as preferencias persoais de cada solicitante. Por iso, recomendámoslle contactar directamente coa súa institución de acollida, xa que adoitan contar con información máis detallada e actualizada sobre as opcións dispoñibles a nivel local. Con todo, desde a Comisión Fulbright facilitarémoslle recursos útiles que poderán axudarlle a atopar solucións loxísticas de maneira máis efectiva.

Pode enviar as súas consultas sobre este programa a: informacion@fulbright.es